



A Coruña, 29 de decembro de 2.023

XUIZ UNICO FEGAN
ACTA N° 8/ TEMP 2023-2024.
RESOLUCION

Competición: LIGA GALEGA WATERPOLO DIVISIÓN HONRA MASCULINA.

Equipos participantes: R.C.N.VIGO - C.W.P.OURENSE .

Data de celebración: 17/12/2023.

FEITOS:

O día 20 de decembro do presente ano foi remitido a este Xuíz único acta e anexo adxunto asinados polos árbitros do encontro. No anexo, textualmente, se recollen os seguintes feitos:

"No minuto 02:10 do último período amósaselle tarxeta amarela ao adestrador local, D. L. Vilavedra Fernández (n.º licenza 1006107) por protestas reiteradas ás decisións arbitrais. Ao rematar o encontro descúlpase co equipo arbitral."

O mesmo día 20 deuse trámite de audiencia aos interesados polo prazo de dous días hábiles inmediatamente seguintes á comisión dos feitos (art.22.2 Libro III Rex Discipl. FEGAN), sen que ningunha alegación fora presentada dentro do citado prazo.

CONSIDERANDO

- Que a redacción da acta arbitral goza dunha presunción de veracidade "iuris tantum" que non foi desvirtuada.
- Os feitos como constitutivos de infracción leve do art.7. I.1.a.
- Atenuante de arrepenimento espontáneo do artigo 11 a).

RESOLVE

SANCIONAR a D. L. Vilavedra Fernández, con número de licenza 1006107 adestrador do R.C.N. Vigo cat. División de Honra Masculina con amoestación(art. 9.III.a).

Asinado D. Miguel Dios Blanco
Xuiz Único Comité de Competición da FEGAN